

**Nava Castro
renuncia como
deputada provincial**
Páxina 3

**PSOE Ponteareas:
“graves irregularidades”
na oferta de emprego**
Páxina 4

**A BRILAT vixiará os
montes do Condado**
Páxina 6

**As Achas recupera o
seu patrimonio**
Páxina 9

**Balneario retorna aos
“felices anos 20”**
Páxina 10

**Nova senda ciclista
desde Cans ao centro**
Páxina 12

**Asinado convenio para
79 vivendas protexidas
en San Eleuterio**
Páxina 14

**Presentan os resultados
da exhumación
da foxa de Soutelo**
Páxina 15

Pincho Folk en Salceda
Páxina 16



“A Volta” do boicot a Israel

P. 7

**A mobilización pola
seguridade na N-120
cortará a estrada cada
venres ás 19 horas**

Páxina 3



Renove
Siempre pensamos en ti

pikolin LOS Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

HASTA

50%

DE DESCUENTO

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Dádeme unha escola e moverei o mundo

A rquímedes dixo “dádeme un punto de apoio e moverei o mundo”. Nós cambiamos o de apoio pola escola para conseguir o mesmo resultado.

Claro que isto así tan sinxelo e sen máis argumentación non deixa de ser unha bonita frase. Porén, pretendemos darlle un chisco de forma para que se nos entenda.

A min tocouse asistir a unha escola da aldea; aló polos anos corenta e tantos ou cincuenta do pasado século. Xa choveu, xa nevou dabondo. É nesta escola, na que hoxe pretendo apoiarme para dar contido a histórica frase do titular.

Recén rematado aquel golpe de Estado que outros din guerra civil, cando, en realidade, aquí non houbo guerra de ningún tipo senón unha represión feroz dos que non estaban dispostos a perder os privilexios e que a República lles puxeran en corentena, un mestre, unha mestra, tiña un ramillete de nenos, que nalgúns casos podían ser cincuenta, aos que tentaba, con máis afán que sorte, abrir os ollos e mostrarlles un mundo novo. Un mundo tan cativo que poderíamos denominar tristeiro e sen alegría. O problema era que aquel mundo novo ao que todos estábamos destinados a chegar viña escurecido, enchoupado, cegado pola situación política que se vivía. Nada que ver cos anos anteriores dos tempos da República. Agora os ensinantes tiñan que limitarse ao que sempre se dixo: que nenos e nenas aprenderan a ler, a escribir e as chamadas catro regras.

Aí non había máis mundo, máis horizonte, máis esperanza. A historia era a dos Reis Católicos e a dos romanos que nos invadiran non se sabe ben cando. O que realmente pasara e seguía aínda pasando era tema tabú. Máis que tabú era tema perigoso. Quen se atrevía a desafiar a fera no seu cubil? que mestre ou mestra ousaba falar do que realmente pasaba no País. Uns homes cuns capotes verdes e unha espingarda ao lombo víxiaban camiños e carreiros. Quedaban perigosos “roxos” que había que exterminar. Ah, o que si se aprendía con intensidade e firmeza era o catecismo do Pai Astete; rezar o rosario.... Todo tiña unha explicación: os “elementos perigosos” que había de exterminar non eran católicos, polo menos non asistían á misa os domingos e festas de gardar.

Aquel mundo triste e escuro, sen horizontes e sen futuro que se puidera divisar ao lonxe, foi o caldo de cultivo de millóns de nenos e nenas, hoxe pais e nais de familia e votantes cada certo tempo. Franco aínda respiraba e saía de caza, aínda que se lle puxeran as pezas a tiro. Este sinistro personaxe da nosa recente historia considerábase dono de vidas e facendas

Pero se triste era que os nacidos nos anos da posguerra tivéramos que vivir naquela escuridade educativa e intelectual,

máis triste foi e segue sendo que aquela situación, con lixeiros matices que non temos tempo hoxe para describir en profundidade, seguíse no tempo ata hoxe mesmo. E digo hoxe mesmo con coñecemento de causa. Porque dediquei a miña vida ao ensino e coñezo dende dentro as tripas do sistema educativo. Mellor, do sistema de ensino práctico e utilitario; o de educativo creo que lle queda moi grande.

Eu fixen a carreira de Mestre e outros, con mais sorte, fixeron outras carreiras superiores, aínda que para o tema que nos ocupa foi practicamente o mesmo.


Lembro que cando tiven que facer un campamento do chamado Frente de Juventudes para poder acceder ao título de Mestre, uns cantos compañeiros valentes e decididos, todo hai que dicilo, negáronse a levantar o brazo na subida e baixada da bandeira e foron ipso facto expulsados: alí rematou a súa carreira.

Iso que parece unha tontería, era a nota diferencial que marcaba a liña do que se podía ou non facer e pensar. O Réxime non aceptaba mestres que pensaran; quería pequenas máquinas que mantiveran o sistema sen sobresaltos.

Obviamente outros fomos máis submisos e non tivemos o valor de facer un plante. Que bonito sería, verdade? Rematamos a carreira, déronnos un papeliño que en nome do Xefe do Estado (ou sexa Franco) nos autorizaba para adestrar aos nenos e nenas daquel momento. Nada de ensinar formalmente a pensar e razoar.

Que movemos nós con aquela escola? Practicamente nada. Se conseguimos espertar no alumnado a curiosidade suficiente para tentar ir máis aló xa foi todo un trunfo. Nós fomos capados na nosa instrución como docentes e como cidadáns e seguíamos capando aos nosos alumnos e alumnas.

E así chegamos ao día de hoxe en que nos centros de ensino primario e secundario o corpos de ensinantes segue “asustado” e non se atreve a ir máis aló do que poñen os libros de texto xa edulcorados e



manipulados polo sistema. Quizais haxa algún colega que pense que hoxe o ensino resulta ser un elemento decisivo no camiñar cara a una sociedade formada, ceibe e rebelde.

Non, iso é mentira. Se así fora as estruturas sociopolíticas que estamos contemplando serían outras moi distintas. Hoxe aínda seguen escribindo en medios estatais dos madriles actuais. Claro que agora fano cun verniz máis definido. Parecen case democráticos.

Levaba eu xa case corenta anos de ensino e funme atopar cunha denuncia por facer política na escola de Leirado, en Salvaterra. Un pai adoutrinado polo sistema indicoulle ao Director que coidado comigo que estaba facendo política co seu fillo. O meu pecado consistía, como profesor de historia, en explicar o último capítulo do libro que informaba da recente aprobada Constitución Española: as Cortes Xerais, os Deputados, a maneira de ser elixidos, das eleccións, etc. Para aquel pai iso era adoutrinamento.

O que pasaba e aínda segue pasando é que as xeracións saídas do alzamento franquista foron adoutrinadas en que calquera cousa que fale de liberdades e toma de decisións libres resulta perigosa.

Porén, eu entendo que era algo máis; era o resultado da falta de cultura social e política daquel pai cando foi a escola ou incluso os que estudaron algunha carreira ou estudos secundarios. O sistema tiña conseguido que os cidadáns consideraran perigoso para os seus fillos e fillas o coñecemento do que para a intelectualidade deste país era o menos que se podía facer: coñecer unha Constitución bastante pacata e pouco ambiciosa.

Esta mostra non sería importante se noutros ambientes, nos pobos, nas capitais, etc. os ensinantes estiveran decididos a cumprir co contido da frase do titular: coller a escola e con ela transformar o mundo. Pero non estiveron nin están dispostos a facelo.

Por que non? Por que aínda hoxe non

o fan, e cada vez menos?

Pero hoxe si que temos “adoutrinadores”, que non educadores, entregados en corpo e alma para descubrirlle aos estudantes destes momentos que todo o que saíu da Constitución foi froito da presión de “roxos libertarios perigosos”. Hoxe hai que reverter eses avances e volver a UNA GRANDE Y LIBRE nación española. Estes novos “mestres/as da doutrina” non queren transformar o mundo; o que buscan é adoutrinar aos estudantes de tal xeito que o mundo intelectual deles volva aos anos corenta: unha España grande y libre. Vaia se está libre. Eu diría que baleira como a España despoboad.

Asistimos cada día a discusións políticas a nivel de Estado que nos poñen os pelos de punta. escoitamos a políticos falar de cavar tumbas cando aínda non fomos quen de desenterrar das gabias e dos cemiterios a miles e miles de españois fusilados e batidos polo pecado de pensar con liberdade. Percibimos nos discursos de certos políticos que non tratan de mellorar a situación dos cidadáns; non lles explican os seus proxectos alternativos como sería normal e necesario. Non; o que intentan meter nos seus miolos é que aos gobernantes actuais hai que botalos, como sexa. Logo xa veremos que facer co País. Están copiando o método Montoro: “vós rematade co País que xa viremos nós a erguelo”. O que temos é un desastre; aínda que a economía sexa a que máis despunta incluso a nivel europeo.

Hoxe, as escolas que poden mover o mundo son substituídas por unha ducia de políticos que teñen unha facilidade extraordinaria para insultar, para mentir, para manipular. Non lles pidan máis. Non pretendan que nos debates políticos da Cámara dos Deputados nos informen dos seus “extraordinarios” programas de goberno que nos van salvar a todos. Non sabemos ren que pensar facer coa Sanidade, coas Pensións, co Ensino, etc.

Non. Nin as escolas, nin os medios de comunicación tóxicos que sufrimos neste País están por informar e formar cidadáns. Ese non é o norte que os guía nestes momentos. Aquí e agora, a prensa canallesca que invade este País está esperando como auga de maio dispor dos Orzamentos do Estado para engordar a súa conta de beneficios. O demais xa virá engadido.

Entramos no outono. Moitos froitos caen das árbores. As castañas son o referente destas datas. Fagan magostos; coman castañas asadas e viño con mel. Planten castiñeiros para o futuro. Se non temos “información que nos alimente o espírito” polo menos que teñamos produtos sans que nos alimenten. Tamén de pan vive o home, non?

Sexan felices se poden. E senón protesten aínda que pouco caso lles van facer.

PONTEAREAS

A mobilización pola seguridade na N-120 cortará a estrada os venres

Os grupos políticos da Corporación e a Plataforma en Defensa da N-120 mantiveron nunha xuntanza no Salón de Plenos do Concello na que acordaron por unanimidade intensificar as accións reivindicativas mediante mobilizacións ante a falta dunha resposta satisfactoria por parte do Ministerio de Transportes as reclamacións de mellora da seguridade viaria na N-120, estrada que cruza o centro urbano e divide en dous as parroquias de Areas e Xinzo.

Oito anos reclamando as melloras, as promesas e retrasos, un proxecto en redacción sen datas nen prazos concretos de licitación e execución e a negativa a reunirse con Concello e Plataforma N-120



por parte do Director Xeral de Estradas, xustifican que un ano despois se retomen as medidas de protesta na rúa.

Así, acordouse cortar o tráfico na N-120 á altura da capela dos Remedios cada venres, desde o 12 de setembro, ás 19:00h, mo-

bilizacións cidadás e concentracións en puntos estratéxicos da N-120, así como o desprazamento e manifestación diante do Ministerio de Transportes en Madrid, que se manterá ata ser recibidos polo Director Xeral ou polo propio Ministro.

O PSOE anuncia avances no proxecto

A portavoz do PSdeG en Ponteareas, Vanesa Fernández, celebrou os avances anunciados polo Subdelegado do Goberno, Abel Losada, quen declarou que o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible

lle trasladara que este outono se lle dará un impulso decisivo aos trámites pendentes - aprobación do proxecto de trazado trala segunda exposición pública, solicitada polo Concello, e aprobación do proxecto constructivo defini-

tivo, acompañado da orden de expropiación dos bens e dereitos afectados- coa previsión de deixalos ultimados antes da fase de licitación da obra de adecuación da N-120, con un presuposto estimado en 3,5 millóns de euros.

O BNG reforza o seu grupo municipal

Marián Hermida será nova concelleira do BNG en substitución de Fran Aparicio, quen presentou a súa renuncia en pleno municipal debido a incompatibilidades laborais. Marián Hermida Garazo, nacida na Freixa e veciña de Bugarín, é Licenciada en Psicoloxía, Diplomada en Criminoloxía, Diplomada en Traballo Social e Máster Universitario en Igualdade e Xénero no ámbito público e privado, especialidade en Violencia de Xénero. Na actualidade traballa



como Técnica Superior de Inclusión Sociolaboral no Consorcio

Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Nava Castro renuncia como deputada provincial



No marco do pleno da Deputación de Pontevedra celebrado o 12 de setembro, a Alcadesa de Ponteareas e deputada provincial de Turismo, Nava Castro; e Sandra Bastos, deputada provincial de Igualdade e Benestar Social, renunciaron as súas respectivas actas como deputadas provin-

ciais. Esta decisión atende o procedemento xa estipulado dentro do Partido Popular cando asumiu a presidencia do ente provincial en 2023. Castro será substituída como deputada provincial polo Alcalde do Covelo, Pablo Castillo, mentres Bastos será substituída pola concelleira de Gondomar, Paula Bouzos.

O PSOE rexeita a apertura ao tráfico nas rúas peonalizadas

O grupo socialista manifestou o seu firme rexeitamento á proposta do goberno local de reabrir ao tráfico rodado varias rúas que foron peonalizadas durante o anterior mandato, en concreto as rúas Concha Brey, Reveriano

Soutullo e Virxe dos Remedios, ao que tamén se engade a Praza Bugallal. Denuncian así "as insinuacións falsas e malintencionadas do actual executivo, que pretende facer crer que a peonalización das rúas supuxo un prexuízo para o comercio local".

O Corpus viaxa a Corea

A creadora Irene Vieito, participante da residencia de artistas Artisteia Efémere, levará un traballo artístico con fotografías da festa do Corpus de Ponteareas para a exposición Co-Mmotion International Art Festa, unha mostra colectiva que se exhibirá entre o 31 de agosto e o 11 de setembro. Este evento recolle obras de 30 artistas de 10 países.



TRIFOLIUM INGENIEROS

Gestiones catastrales
Mediciones
Inventario de bienes
Partición de herencias-Sucesiones
Informes periciales
Proyectos agrícolas y ganaderos

653 047 430 - 886 216 505
C/ Alcalde Daniel Oja, 10 B. Ponteareas

mariquita mimosa

Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS
mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

papelón con LIMÓN
BRUNCH & BAR

BRUNCH
TOSTAS
TAPAS
AREPAS
BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7
36860 Ponteareas, Pontevedra
www.papelonconlimon.es
623 530 294

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Todo un éxito o XIII Festival Groba

Este 23 de agosto foi clausurado o Festival Groba 2025 que, durante sete días presentou no Auditorio Municipal Reveriano Soutullo unha ampla programación a cargo do seu director Rogelio Groba Otero, contando coa participación da Orquestra de Cámara Galega.

Interpretando partituras de clásicos como W. A. Mozart, S. Rachmaninov, L. Boccherini, Handel, F. Liszt, Schubert, L. Janacek, F. Mendelssohn, P. Mascagni, Puccini e Verdi participaron artistas de recoñecido talento como Amaury Coeytaux, Veriko Tchumburidze, Lousha Fang, Henri Demarquette, Elaia Quartett, Zee.



Zee. Pablo Diago, Luka Coetzee, Marianna Prjevalskaya, Leonie Flaksman, Iris Günther, Francesca Rivinius, Karolin Spegg, e a soprano Laura Del Rio. Na clausura

estiveron presentes o Director Xeral de Cultura da Xunta, Anxo Lorenzo, e o tenente de Alcaldesa Juan Carlos González Carrera.

O PSOE ve “graves irregularidades” na oferta de emprego 2023

A voceira socialista Vanesa Fernández denunciou publicamente que a Oferta de Emprego Público 2023, concretamente na oposición para o acceso a unha praza de Técnico/a de Administración Xeral, grupo A1, “carece de transparencia, vulnera principios constitucionais básicos e evidencia a falta de rigor do PP

na xestión do público”.

Entre os aspectos máis graves detectados destacan: bases con puntuacións imposibles: puntuación máxima de 100 puntos cando as probas unicamente acadaban 80; falta de garantías xurídicas; probas con contidos extratemario; e incumprimento da normativa básica estatal sobre procesos se-

lectivos. O Grupo Socialista solicitou formalmente á Alcaldesa Nava Castro a suspensión cautelar do nomeamento do candidato proposto, así como a revisión de oficio do proceso e a anulación das bases para que se redacten unhas novas axustadas a Dereito.

Ponteareas e A Cañiza contra os lumes forestais



A plataforma “Por un Monte Galego con Futuro” convocou o pasado 21 de agosto a mobilizacións cidadás contra os incendios en vilas e cidades de todo o país, para rexeitar a política forestal do PP “que queima os nosos montes e as nosas casas” e reclamar unha moratoria indefinida ao euca-

lipto. No Condado e Paradanta celebráronse concentracións nas localidades da Cañiza e Ponteareas. Esta plataforma nacida en 2018 integra actualmente a máis de 50 colectivos, asociacións e organizacións na promoción dun ILP de protección do bosque autóctono e racionalización da xestión do monte.

Reacondicionamento na contorna da depuradora

Alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro, e o tenente de alcaldesa, Juan Carlos Glez. Carrera, visitaron o barrio de San Roque para supervisar as tarefas de reacondicionamento e

reposición tralas obras da nova depuradora que xa está en funcionamento. Nas últimas semanas realizáronse traballos que devolveron á normalidade o solo, os subministros e a contorna.

CHAMBO LIBRIS
ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Vidales Tomé (fronte ao Sportivo). Ponteareas

milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas

milfollas@mundo-r.com

viveiros canedo

CENTRO DE XARDINERÍA

Rúa Real, s/n - N-120
Km. 645,5
Ponteareas - Pontevedra

Tel. 986 669 960
info@viveiroscanedo.com
www.viveiroscanedo.com

Fiosan

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675
fiosanconstruccion@gmail.com

A CASA da TRIGA
RESTAURANTE

Abrimos todos os días
de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS

Non pechamos
cocina

PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS
y AUTOCARAVANAS

667 40 19 07
www.pontecamper.com

PONTEAREAS

Melloras no Pavillón Álvaro Pino

O Concello inviste 24.000€ en reparacións do pavillón nº2 do complexo deportivo Álvaro Pino co apoio do Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra. Este complexo deportivo ten un uso intenso cunha media de oito horas diarias os sete días da semana, sendo a pista de adestramento dos clubs de bádminton, baloncesto, fútbol sala e patinaxe e tamén acolle cada fin de semana partidos e torneos. Estas obras súmanse ás re-



alizadas no pavillón nº1 cun custo total de 48.397,58 €, financiadas a través do Plan +Provincia.

Formación laboral no Xuventude Mentoring

Os doces mozos e mozas que participaron na segunda edición do programa Xuventude Mentoring na Empresa recibiron no Centro de Emprendemento (CEDEP) os diplomas do curso "Ferramentas de IA para a busca activa de emprego" e "Intelixencia artificial para a mellora do teu CV" da man da concelleira de Emprendemento e Formación, Silvia Fdez. Táboas, e da alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro.

A formación seguirá cos cursos "Impulso xuvenil: mentoring e



formación para o emprego en Ponteareas" dedicados a habilidades sociolaborais; motivación para o emprego; coaching para o emprego e entrevista de traballo.

Novo punto limpo móbil

O goberno municipal aprobou no último pleno ordinario o inicio do expediente de contratación do servizo de mellora de limpeza viaria e de recollida de residuos que permita a renovación total da maquinaria e dos contenedores. O concelleiro responsable, Jesús Cao, adiantou que o contrato adjudicarase a dez anos cun orzamento de 2.183.936,08€.

O novo contrato permitirá ter un punto limpo móbil e puntos



limpos de proximidade. Tamén se procederá á recollida de residuos procedentes de poda e xardinería. Tamén haberá unha oficina de atención ao público no centro

urbano, control informatizado, sensores para detectar a capacidade dos contenedores, limpeza de sumidoiros, de praias fluviais e nas parroquias.

Servizo municipal de aula matinal

Por segundo ano consecutivo, a concellería de Ensino anunciou que está aberto o prazo para solicitar o servizo público municipal de aula matinal, unha iniciativa de conciliación familiar e laboral do que no pasado curso escolar se beneficiaron 173 alumnos/as. Respecto a cifras de anos anteriores, a aula matinal custa un 50% menos e estará operativa nos centros educativos pontearens entre as 7:30 ata as 9:30



am, ampliando estes horarios no CEIP Feliciano Barreira entre as 13.45 ata as 15 horas.

Axudas para material escolar

A concellería de Ensino vén de convocar as axudas municipais de apoio ao estudo para o curso 2025/2026, dirixidas a familias con ingresos limitados e con fillos e fillas matriculados en Educación Infantil (4o, 5o e 6o), FP Básica, Ciclos Formativos e Bacharelato.

As axudas, que contan cun orzamento inicial de 20.000€, están destinadas á compra de

libros de texto e material escolar. Cada alumno ou alumna poderá optar a unha contía máxima de 100€, sempre xustificada con factura. Poderán acceder a estas axudas as familias empadroadas en Ponteareas, cunha renda per cápita igual ou inferior a 10.000€ anuais, e que non perciban outras axudas públicas para a mesma finalidade. O prazo está aberto ata o 12 de setembro.

Reparacións no parque da Perillana



O Concello rematou as obras de reparación do parque infantil da Perillana, que presentaba danos ocasionados polo uso continuado e tamén por actos de vandalismo. As actuacións consistiron na re-

paración de elementos deteriorados, como postes de madeira, plataformas e resortes nos xogos infantís; reposición de pezas substituídas; e arranxo do pavimento de caucho para reforzar a seguridade e previr accidentes.



CONDADO/PARADANTA

Esixen reforzo docente para o CEIP Ramiro Sabell

Impulsada pola deputada do BNG Cristina Fernández Davila, o pleno de Ponteareas aprobou por unanimidade unha proposta consensuada polas forzas políticas da oposición (BNG, PSOE e PEC) para instar á Xunta a aumentar o profesorado especialista no CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera.

Davila advertiu da situación “cada vez máis preocupante” nun centro que, con máis de 300 alumnos e alumnas matriculadas, verá reducido o seu cadro de persoal docente neste curso, pasando de 32 a 30 docentes. Explicou



que “durante o pasado curso, 34 alumnos e alumnas requirían atención especializada por trastornos na linguaxe” toda vez lamentou que o voto en contra do PP e

ACIP impedise aprobar outra iniciativa para reforzar o profesorado especialista nos demais centros educativos.

A BRILAT vixiará os montes

O tenente de alcaldesa e concelleiro de Seguridade, Juan Carlos Glez. Carrera, e a concelleira de Medio Ambiente, Silvia Fdez Táboas, acompañados do segundo tenente de alcaldesa, Jesús Cao, e do técnico de Medio Ambiente municipal mantiveron unha reunión de traballo cos militares da Brigada Galicia VII / BRILAT coa finalidade de coordinar mecanismos de vixilancia dos montes. As patrullas terrestres realizarán o seu labor



de vixilancia e disuasión nas 24 parroquias tanto con percorridos

terrestres como dende diferentes observatorios.

PSdeG: “é ilegal prohibir o xogo infantil na Praza Maior”

A voceira socialista, Vanesa Fernández Soage remitiu unha carta á Alcaldesa Nava Castro na que reitera a súa firme oposición á colocación de sinais de prohibido na Praza Maior, que xa foran instaladas en febreiro pasado, e que impi-

den o xogo infantil. Cualificou esta medida de “abuso de poder, arbitrariedade e deriva autoritaria” por parte do goberno municipal ao non existir respaldo legal da mesma, contradicindo así o aprobado na Estratexia Ponteareas 2030.

Ponteareáns Distinguidos do Ano

Alcaldesa Nava Castro anunciou que, no marco das Festas de Setembro, se realizará por primeira vez o vindeiro 29 de setembro a Gala dos Premios “Ponteareá/án distinguida/o”, unha mención honorífica especial que reconecerá publicamente á persoas, entidades ou colectivos de Ponteareas que, ao longo dos anos, destacan pola súa traxectoria, méritos ou contribución ao desen-

volveramento social, cultural, educativo, deportivo ou económico do municipio, así como polo seu labor solidario e pola proxección de Ponteareas no exterior.

As distincións terán que ser aprobadas polo Pleno da Corporación e serán entregadas nun acto solemne que levará o nome de “Gala de Premios Menina Sarmiento - Ponteareáns Distinguidos/as do ano” en referencia a menina do cadro de Velázquez.

Torneo de Dominó



Asociación Chantada no Corazón organizou no Centro Artístico Sportivo un torneo en parellas clasificatoria para o Campionato de Es-

paña de Dominó, na que participaron 48 xogadores. O obxectivo é fomentar na xuventude a práctica de xogos de mesa.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277
arealmadeiras@gmail.com
arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

PAÑADERÍA A BROA
CAFETERIA

Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES

ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/. Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS
glittercb2016@gmail.com

Tif. 986 17 78 63
645 38 96 68

“A Volta” 2025: o boicot contra Israel

As protestas propalestinas obrigam a cancelar a última etapa, en Madrid.

Por Roberto Mansilla Blanco

A edición 2025 da tradicional competición “A Volta” Ciclista a España tivo un marcado ton político e reivindicativo a través dunha ampla mobilización cidadá en protesta polo xenocidio que Israel está cometendo contra o pobo palestino en Gaza. A presión cidadá permitiu a este evento deportivo converterse no primeiro a nivel mundial no que se leva a cabo expresamente un boicot contra Israel. E Galicia estivo presente nesta mobilización cidadá.

Diversos colectivos, asociacións e movementos sociais galegos realizaron manifestacións contra a participación do equipo Israel Premier-Tech durante as diversas etapas ciclistas celebradas entre o 7 e o 10 de setembro en Galicia.

Desde 2017 o Israel Premier-Tech ten como co-proprietario ao empresario Sylvan Adams, de nacionalidade israelí e canadense moi e politicamente aliado do primeiro ministro Benjamín Netanyahu, mantendo vínculos empresariais con membros do partido dereitista Likud e tendo un rol protagonista dentro do Congreso Xudeu Mundial.

As etapas galegas comezaron o 7 de setembro (Etapa 15) en A Veiga/Vegadeo-Monforte de Lemos; retomando o 9 (Etapa 16) por Poio ata Mos (Castro de Herville); e o 10 (Etapa 17) en O Barco de Valdeorras- Alto do Morredero. A competición suspendeuse finalmente o domingo 14 en Madrid.

En Galicia a mobilización foi convocada pola Asociación Galiza por Palestina e a nivel estatal

pola Red de Solidaridad contra la Ocupación de Palestina (RESCOP) e o movemento Boicot, Desinversión y Sanciones (BDS). O impacto destas mobilizacións foi tan decisivo que os días 3, 5 e 9 de setembro, as etapas finais das probas ciclistas en Bilbao, L’Angliru (Asturias) e Mos tiveron que ser suspendidas pola presenza de manifestantes con bandeiras palestinas que impediron o acceso aos competidores á meta final. O comezo das etapas en Galicia, ao seu paso por Vegadeo e Monforte de Lemos, deixou dez persoas detidas por manifestar.

Nun exemplo que reflicte o impacto internacional que tivo esta mobilización, Netanyahu chegou a “felicitar” a Sylvan Adams e ao equipo ciclista israelí por “non ceder ante o odio e a intimidación”.



Non obstante e argumentando razóns de seguridade, o equipo ciclista anunciou a eliminación do nome de “Israel” da súa equipación durante a competición.

Nas localidades de paso no tramo final desta etapa 16 que rematou no Castro de Herville en Mos, sendo estas Poio, Pontevedra, Arcade, Pazos de Borbén, Ponteareas, Salceda, Tui, San Antón, Gondomar, A Ramallosa, Baiona, Alto da Groba, Torroña, Vilachán, Tebra, Couso e Prado agrupáronse varias persoas convocadas por distintas entidades,

entre as que destacaron o Comité Antifascista Louriña e a Plataforma Cívica Vigo Pro-Palestina, para manifestar a súa repulsa pola participación israelí.

A solidariedade con Gaza tamén fíxose sentir previamente á competición ciclista coa mobilización cidadá realizada o 30 de agosto en apoio á Global Sumud Flotilla que leva axuda humanitaria a Gaza en cidades como Compostela, Vigo, Pontevedra, A Coruña, Ourense, Ferrol, Fisterra, Illa de Arousa, Sanxenxo, Lugo, A Guarda, Redondela e Ribadeo.

Por Nemésio Barxa

Acuso ao povo judeu

Do massacre, genocídio, destruição, arrasamento e anexão de facto de Gaza, do extermínio por bombas, fame e sede do povo palestino, do colonialismo infame sobre a Cisjordânia e das suas agresões a países limítrofes. A um povo judeu que inexplicavelmente os meios informativos e comunicados políticos branquejam semântica e equivocadamente com denominações como Israel, israelita, hebreu ou semita. Há habitantes ou nascidos no Estado de Israel, com essa nacionalidade, que podem ser árabes ou cristãos que, logicamente, rejeitam essas atrocidades. O hebreu é um antiquíssimo povo semita nômade, fugido de Egipto e atualmente inexistente. Semita, inclui vários grupos étnicos, entre eles israelitas e judeus. Judeu é qualquer indivíduo que pratique o judaísmo. Povo judeu é uma coletividade étnico-religiosa cultural, social e linguística descendente do povo hebreu e dos antigos judeus do levante mediterrâneo, vem-lhe o nome do Reino de Judá (1.000 anos a.c.) e do filho do patriarca Bíblico Jacob, chamado Judá. O povo hebreu, fugido de Egipto, atravessou o Mar Rojo, chegando ao Sinai, e depois de vagar 40 anos polo deserto, liderados por Josué entrarem em Canaan onde as 12 tribos venceram aos cananeus, apoderando-se do seu país, degolando aos 5 reis, sacrificando a homes mulheres e nenos, destruindo Jericó e arrasando com fogo tudo o que toparem a seu passo (que me lembrará todo



isto?). Constituíram depois o Reino de Judá. Passou o povo judeu por diversos avatares na Idade Antiga, produzindo-se uma certa diáspora na Idade Media, especialmente a Europa onde foram com frequência perseguidos e expulsados da maioria de países (inclusive de Espanha e do Vaticano).

Este povo judeu que sofreu a barbárie e genocídio nazi nos campos de extermínio (também outros povos como o cigano, comunistas e republicanos espanhóis, que não o rentabilizaram do mesmo jeito) concitou a simpatia e solidariedade gerais, a pesar da sua atitude colonialista depois de outorgar-lhe a ONU um território próprio (na Península da Palestina, pátria e terra do povo palestino) e de seus deslantes aos mandatos e requerimentos da ONU, sempre frenadas suas execuções polo voto dos USA e Reino Unido. Seu desprecio á dignidade, direitos humanos e materiais do povo palestino foi minando lentamente

aquela simpatia o que não impediu que houvera uma condena geral no atentado de Hamas, injustificável, mas totalmente

compreensível (polos mais de 50 anos de assassinatos, sofrimentos, repressão, indefensão, desalojos, encarceramentos, ilegalidade). O governo do Estado israelí, capaz de identificar aos que deram morte aos atletas judeus nos jogos olímpicos de Munich e executá-los extrajudicialmente, que seletivamente podia escolher suas vítimas em qualquer lugar que se a topassem, optou por ir assassinando indiscriminadamente a todo palestino gazetei e destruir seu habitat vital, com a aprovação entusiasta de todo o povo judeu que já, não só no Estado de Israel senão também todas as comunidades espalhadas polo mundo, celebrarem o inicio do genocídio e pudemos ver imagens de TV de bombardeios e mortos indiscriminados e outras simultâneas de judeus israelitas disfrutando nas praias ou com sua vida normal nas cidades e terras, aproveitando todo o rebombo internacional para roubar novas terras e vivendas a pacíficos palestinos na

Cisjordânia (longe de Gaza). Isto também é holocausto.

Identificam-se como parte do povo judeu aproximadamente 7.300.000 em USA 7.100.000 em Israel, 442.000 em Francia, 394.000 em Canadá, 292.000 em GB, 145.000 em Rússia, 40.000 em Ucrania e comunidades inferiores aos 30.000 em Bélgica, Itália, Países Baixos, Suécia, Espanha (13.000) e outros.

O horror da destruição e morte só poderá ter semelhanças com a conquista de Canaan. Destruída toda Gaza, assassinados mais de 65.000 gazeteis, entre eles metade nenos, e outros tantos feridos irrecuperáveis, agora vai pola invasão total, impedindo a chegada de comida e agua, com o que os assassinatos já não são com bombas ou ametralhamento nos escassos lugares de reparto de mísera comida, que também por fome e sede.

As únicas protestas que se escoitaram a esta barbárie das comunidades judeas, do povo judeu, foram para liberar aos reféns que ainda mantem Hamas. Os USA, colaboradores necessários no genocídio, intimidam a todo o que defende ao povo palestino, solidarizando-se com a sua comunidade judia. E o mundo que em algum tempo se pôdo chamar civilizado se acovarda ante um povo judeu desbocado e ameaçador.

Deixemos a semântica. Nem israelitas nem hebreus. É povo judeu (sempre haverá exceções).



OPINIÓN

Por Isidoro Gracia

Poderes do estado: independencia, separación ou privilexios?

De toda a lamentable sucesión de feitos e declaracións sobre o obrigado cumprimento da Lei Orgánica do Poder Xudicial, respecto a a apertura do ano xudicial, a maior parte realizadas por persoas e asociacións (mesmo xurídicas) que levan un tempo actuando como fan os antisistema, houbo unha, precisamente no núcleo de discurso mais importante, que me asustou especialmente, pola filosofía antidemocrática que subxace, e a miña alarma derívase de que quen a emite é a Presidenta do Consello do Poder Xudicial e do Supremo que cualificou como “inoportunas e rexeitables” as descualificacións ao Poder Xudicial por parte de pertencentes a outros poderes públicos. Á mente veume unha pregunta: e críticas que se emiten desde o Poder Xudicial cara ao Lexislativo e o Executivo non merecen os mesmos cualificativos?. e en que se basea esa filosofía antidemocrática? é que hai uns cidadáns superiores en dereitos ao resto porque que visten togas por aprobar unha oposición?

Analicemos os argumentos mais utilizados en defensa desa filosofía. As teses de Montesquieu non o avalan, xa que o certo é que nos libros en que se divide o Espírito das Leis sempre se refire á “separación” que non “independencia” duns poderes que



deben colaborar entre se. Mención especial merécelle o Xudicial do que sostén que o poder de vulgar “tan terrible en mans do home non debe de ser exercido permanentemente por unha clase ou unha profesión” xa que “se o Poder Xudicial impónse aos outros o Goberno devirá en despótico”.

Así pois haberá que buscar outras fontes posteriores ao século XVIII en que apoiar a independencia de “os xuíces”, que non do Poder Xudicial, sempre nos límites es-

tritos das Leis aprobadas polo Poder Lexislativo. Ningunha fonte democrática sostén que ningún órgano xudicial, unipersonal ou colectivo, poida aplicar a máis mínima excepción a eses límites, e todas elas coinciden en que a interpretación absolutamente prioritaria é a literal do texto.

Unha fonte de gran peso e bastante próxima pode ser a Carta das Nacións Unidas, na cal se desenvolveu o documento «Principios básicos relativos á independencia da xudicatura» en 1985, que establece un decálogo de como debe aplicarse e exercerse pola xudicatura.

O primeiro deses principios é que se aplica e exerce recolléndoo na Constitución nacional e a lexislación, o que fai inexplicable e rexeitables, non as críticas senón os chamamentos ao incumprimento da Lei polos actores políticos, pero sobre todo polos de xuíces, fiscais e as súas asociacións.

O segundo é aínda mais contundente “os xuíces actuarán con imparcialidade, baseándose nos feitos...”, é moi evidente que hai xa algún tempo que en España este principio está a ser cuestionado por unha minoría, minoría si, pero notoria.

Para non facerme pesado paso directamente ao principio oitavo: “Os xuíces están obrigados a cumprir co secreto profesional, excluídas as audiencias públicas”, o incumprimento está tan xeneralizado que aquí non se pode falar de minorías.

Pero o quid da cuestión do porqué poden sentirse superiores en dereitos ao resto de cidadáns está no ultimo principio: “deben gozar de inamovibilidade ...”. Como queira que a disciplina e esixencias de responsabilidades aplícase polos seus iguais en profesión e status, os erros, incumpri-

mentos, faltas e abusos, valóranse case sempre desde a comprensión e as boas relacións entre colegas, tamén nalgúns casos correligionarios. Pro-

fundemos no tema anterior con algúns datos, é ben coñecido e está publicado que a infiltración do Opus Dei na fiscalía e a maxistratura española é intensa desde hai moitísimos anos. A principal asociación de xuíces, a Asociación Profesional da Maxistratura, agrupou a todo o sector conservador da maxistratura e díxose en moitas ocasións que está controlada por membros do Opus Dei, esa organización ten un manual de instrucións (titulado Camino) que no aforismo n.º 387 di: “O Plano de santidad que nos pide o Señor esta determinado por estes tres puntos: A SANTA INTRANSIXENCIA, A SANTA COACCIÓN E A SANTA DESVERGOÑA”. Como é posible facer compatible o cumprimento das esixencias que levan apareladas os xuramentos ou promesas realizados para incorporarse a administración de Xustiza, con ese tipo de santidad?

Fai 8 ou 10 anos fontes xudiciais declararon que preto da metade de xuíces e fiscais tiñan relación de familia, pais, fillos, matrimonios, curmáns etc., parece que as novas incorporacións reduciron a porcentaxe (Nunha das últimas tomas de posesión de novos xuíces o discurso de benvinda incluía que só tres tiñan algún familiar xuíz. Seguramente por ser novo). Termina con outra pregunta: Cal vai ser o nivel de esixencia polas faltas de alguén da familia, aínda que sexa un cuñado?



ELECTRICIDAD

BOUZA

ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN

Instalaciones en general

Reparaciones

Instalación de sonido y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7

Telf. y fax: 986 641 565

PONTEAREAS

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupalong.com www.grupalong.com

acero plus

impresión digital

IMPRESIÓN · PUBLICIDAD · WEB

986 66 03 61

604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.

PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com

info@aceroplusdigital.com

Xirela

Servizos técnicos forestais e obra do rural

Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS

Tlef. 986 078 071

LOVECARS®

www.lovecars.es

Xeotermia na Casa Consistorial da Cañiza

O Concello da Cañiza informou do remate na substitución da antiga caldeira de gasóleo C na Casa Consistorial por un sistema xeotérmico vertical de circuíto pechado e menos contaminante que permitirá manter a temperatura estable todo o ano arredor dos 14-16 °C.

A actuación está incluída dentro



do proxecto de “Instalacións Xeotérmicas Sostibbles II”, enmarcado no Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Programa DUS 5000) e supón unha inversión total de 227.892,61 € financiada maioritariamente polo Instituto para a Diversificación e Aforro Enerxético (IDAE).

As Achas recupera o seu patrimonio

O Alcalde da Cañiza, Luis Piña, acompañado polos concelleiros M^a José Rodríguez, Paula Bacelar, Miguel Anxo Antón, Eva M^a Rivas e Felipe Piña, visitaron a Ponte das Achas e a súa contorna para comprobar o resultado da recuperación da súa ponte románica, elemento patrimonial emblemático, así como a mellora integral do seu espazo urbano con iluminación LED e a transformación do tramo antigo na estrada provincial EP-5002. As obras, financiadas nun 70% pola



Deputación de Pontevedra cun investimento total de máis de 411.000€, poñen fin a 30 anos de reivindicación veciñal.

Un robot mellora o céspede de Augas Férreas

O Alcalde da Cañiza Luis Piña informou que o Concello esta desenvolvendo actuacións de mantemento e reparación no campo de fútbol de Augas Férreas, sendo executados pola empresa especializada Ginkgo Sports Turf & Gardens, cun orzamento total destas actuacións ascende a 1.331€.



Estas tarefas complétanse co uso do TurfRob, o primeiro robot

deseñado especificamente para o coidado de campos de céspede artificial, desenvolvido en Alemaña. O TurfRob dispón de GPS de alta precisión, contrólase facilmente a través dunha aplicación móbil e funciona con baterías recargables, o que o converte nun sistema 100% sostible e ecolóxico.

Parque infantil de Nadal

O Concello e a Asociación de Empresarios da Cañiza presentaron a actividade “Parque Infantil de Nadal”, na que tamén participa “Especialistas Hípica Celta”, empresa contratada para a instalación da atracción e de reactivación do comercio local de cara ao Nadal. Durante os días 26, 27 e 28 de decembro, o Concello instalará na Praza Maior un mini



parque de atraccións Infantil cunha barca, noria, carrusel e dúas camas elásticas.

Fútbol de veteranos



A Cañiza celebrou o seu Trofeo de Fútbol de Veteranos, que tivo lugar os pasados 2 e 3 de agosto no Campo de Fútbol Augas Férreas coa par-

ticipación dos clubs A Cañiza, Valeixe, Randufe e Arbo, resultando gañador o equipo de Valeixe. O Concello contribuíu aportando os trofeos e os árbitros.

Memoria e IA nas Neves

Coa colaboración da Deputación de Pontevedra, o Concello das Neves organiza en outubro os cursos gratuítos “Exercitando a memoria” na Antiga Escola de San Cibrán, a Casa da Xuventude das Neves e no Centro Cultural de Taboeixa.

Do mesmo xeito, o 15 de setembro celebrárase unha conferencia sobre a Intelixencia Artificial e a busca de emprego para a mellora do CV, con entrada gratuíta no Mercado Municipal, organizado polo Espazo Feminista para o Empoderamento.

Por Xoán Carlos Caballero

Prohibido xogar en Ponteareas

A Praza Maior de Ponteareas, tras a peonalización realizada hai uns anos, converteuse nun espazo vivo, ateigado de veciños que se reúnen nas terrazas para conversar e compartir opinións, mentres gozan dun café, dunha caña ou dun refresco.

Neste espazo multifuncional, no que os nenos poden xogar, a xente pasear con calma ou sentarse relaxadamente nun banco para gozar da animada atmosfera, o goberno de Ponteareas acaba de colocar uns carteis nos que, segundo o partido socialista, prohibese o xogo infantil. A primeira lectura soa como si alguén estivese prohibindo xogar a Xoaniña, a polis e cacos, ao escondite inglés, á corda, á

pita, etc. Pero a realidade é diferente. Atravesar a Praza Maior de Ponteareas é como cruzar un campo de batalla. Unha especie de paintball, pero con munición real, na que hai que facer un exercicio brutal de concentración, reflexos, velocidade de reacción e visión periférica para saír indemne. Esquivar balonzos, patinetes, monopatíns e bicicletas é todo un exercicio de supervivencia urbana, que non está ao alcance de calquera.

Eu, pola miña profesión, recibín impactos de balóns de fútbol, de baloncesto, de pelotas de tenis nos ollos, raquetazos na cara, incluso varias roturas de gafas e outra de escápula. Son riscos inherentes á profesión. Cando, impartindo unha

sesión de educación física, recibo un balonzazo na cara, procuro non pensar na dor que me produce, senón no servizo de retroalimentación que me ofrece ese impacto, para saber se hai que mellorar a coordinación óculo-pédica ou a óculo manual, ou se nas sesións nas que se traballa a forza, debería de baixar ou subir a intensidade.

Agora ben, pedirlle paciencia ás persoas que buscan pasar un rato agradable non me parece xusto cando, por exemplo, reciben un pelotazo na cabeza, acaban no chan despois de ser atropeladas por unha bicicleta, ou ven como un balón reconvertido en mísil fai saltar polo aire as consumicións da mesa.

É máis, dicir que esta medida atenta contra os dereitos dos nenos, soa moi impactante, coma si estivésemos nunha

campaña de UNICEF ou de Save the Children en lugares nos que realmente os dereitos dos nenos están sendo esmagados. Aquí non é o caso, nin por asomos, e se isto se segue a permitir, a Praza Maior continuará sendo un lugar no que resulte difícil garantir a comodidade de todos.

Pregúntome: cal sería a reacción dos socialistas se os xubilados se puxesen xogar á petanca? Consentiríano para non romper co modelo de vila aberta, inclusiva e pensada para as persoas? Ou descartaríano para que ninguén reciba un perdigonazo metálico de 800 gramos, que é o que pesa unha bola de petanca?



CONDADO/PARADANTA

Balneario retorna aos “felices anos 20”

A II Festa da Temporada a celebrarse o 13 e 14 de setembro devolverá Mondariz Balneario á década de 1920. O Concello organiza este evento convidando aos veciños e visitantes a vestirse con traxes da época en escenarios como o Balneario e o Mercado da Festa.

O cartel inclúe gastronomía, tradición e música con A Banda da Loba, Agarimos da Terra, Brais das Hortas, Banda de Música de O Porriño, Os Terribles de Donas, DJ Amarok e obradoiros infantís. Colaboran con esta iniciativa a Xunta,



a Deputación, ABANCA, Balneario de Mondariz, D. Pedro de Souto-maior e Agarimos da Terra.

Restauración da Fonte de Troncoso

O Alcalde de Mondariz Balneario, César Gil, a Xunta e Confederación Hidrográfica Miño-Sil avanza na restauración da Fonte de Troncoso ante as recentes crecidas do río que provocaron danos sig-

nificativos na estrutura da súa estrutura. A Xunta indicou a necesidade de atopar medidas preventivas para desbloquear o investimento de 500.000 € destinado á restauración do inmovible protexido.

“Capítulo de Outono” da Irmandade dos Viños Galegos

O Gran Hotel de Mondariz Balneario acollerá o 20 de setembro o “Capítulo de Outono” da Irmandade dos Viños Galegos, na que participarán as confrarías enogastro-

nómicas das dúas beiras do río Miño. Estarán presentes adegas como Vella, Entre Ríos, Pobra do Caramiñal, Raposo, Pombal, A Lanzada, Alvariño, Míguez Amil, Ribadavia, entre outros.


Festa da Bicicleta solidaria

Por terceiro ano consecutivo o Concello de Mondariz Balneario colabora na organización da Festa da Bicicleta xunto con Lynalfa - Club Ciclista Ponteareas - Escola Borja Gómez Méndez con percorridos de 3K e 8K. Tal e como sucederá coa edición de 2024, nesta ocasión renovouse o sentido solidario desta actividade ao colaborar coa asociación Debra-Piel de Mariposa.



Mostra do Traxe Galego

A Asociación de Veciños e Veciñas da Lamosa en Covelo organizou os días 23 e 24 de agosto na Casa Cultural da Lamosa unha exposición dedicada ao traxe tradicional galego para pór en valor a súa riqueza, a variedade e beleza do traxe galego como patrimonio cultural. Na exposición tamén se apreciaron pezas antigas, permitindo ás persoas asistentes



achegarse á historia e evolución da indumentaria tradicional ao longo do tempo.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Ferretería
Julio Pérez Giraldez
Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA
julioperezgiraldez@hotmail.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO
POLLOS POR ENCARGO
DROGUERÍA
FERRETERÍA
JARDINERÍA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO
VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL:
Blona
CIMEROUCE Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO
Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

PUB - CAFETERIA - TERRAZA
the best beer
Yago's
english pub
Mondariz- Balneario

Café Chocolat
Mondariz Balneario



Compartimos a vida



LOURIÑA

Nova senda ciclista desde Cans ao centro

A través do proxecto “Senda ciclista e pavimentación rúa Antonio Palacios no tramo rúa Cruceiro-Cans”, o Concello do Porriño creará un carril bici dende o parque Gonzalo Ordóñez ata a entrada á parroquia de Cans, e humanizará toda a zona.

A actuación conta cun orzamento de 1.066.887,26€, dos cales 645.024,26€ serán financiados pola Deputación.

Na presentación do proxecto, o alcalde fixo referencia á continuidade que terá este carril ciclista pola avenida Domingo Bueno ata



chegar á rotonda de A Casilla, en Atios, “para o cal xa temos tramitada outra posible subvención”.

Paralelamente, proxéctase unha rotonda no acceso á A-52, recollida no PXOM.

A EDAR de Guillarei bate récord de consumo enerxético

O Concello do Porriño destacou importante logro da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Guillarei, pertencente ao Consorcio Augas do Louro, que durante o primeiro semestre de 2025 conseguiu cubrir o 50 % do seu consumo eléctrico con enerxía renovable xerada nas súas propias instalacións, marcando un récord de autoconsumo e adiantándose



aos obxectivos marcados pola Directiva Europea 2024/3019, que fixa para 2030 que estas estacións cubran polo menos o 30% do seu consumo con renovables.

O compromiso do Consorcio Augas do Louro é claro: seguir investindo e innovando para acadar a neutralidade enerxética total antes de 2045 e consolidar un modelo de economía circular na xestión da auga.

Máis seguridade no Río Louro

O alumnado do obradoiro de carpintería “O Noso Encontro co Emprego” posto en marcha polo Concello do Porriño a través dun investimento de 480.000€ e no que participan 16 persoas menores de 30 anos comezou a reparación das pasarelas de madeira sobre o río Louro e a reforma integral das restantes próximas ao albergue de peregrinos, moi empregada pola veciñanza que accede ao sendeiro dende o campo de fútbol do Porriño Industrial.

Xunto con esta especialidade



de carpintería desenvólvese outra de albanería, cuxa parte práctica céntrase na urbanización e pintura

na rúa Paralela 3 do Polígono Industrial da Granxa, onde se executan novas beirarrúas

Posta a punto para o novo ano escolar



O novo ano escolar 2025-26 previsto a comezar o vindeiro 8 de setembro, o Concello do Porriño ultima os preparativos para poñer en marcha as instalacións dos diferentes colexios públicos do municipio a través de diver-

sos traballos de mantemento e mellora dos CEIP's Fernández López, Atios, Budiño, Antonio Palacios e Ribeira e da Escola Unitaria de Mosende. As obras abarcan superficies, pavillóns, ximnasios, aseos, tellados, redes e fachadas, entre outros.

Seguridade viaria en Torneiros, Mosende e Pontellas

O Concello do Porriño rematou un proxecto de camiños municipais que supuxo unha inversión de máis de 177.000€ no que se inclúen diversos viarios en Torneiros, Mosende e Pontellas.

O principal obxectivo é a reposición do firme para unha mellora da seguridade viaria. Neste proxecto en concreto contéplanse cinco actuacións, unha no lugar da Louríña, no viario que une Mosende e Pontellas e



outras catro en Torneiros: unha entre as estradas EP-2401 e P0331, outra na intersección na súa parte sur coa mesma estrada provincial 2401, en dúas zonas destinadas a aparcamentos nos polígonos I e II e a do lugar de Casal Vello.

Curso AFD en atención sociosanitaria

Un novo grupo de 14 mulleres e un home desempregado do Porriño vén de formarse para afrontar con máis competencias a súa inserción no mercado laboral. O alcalde Alejandro Lorenzo e a concelleira de Emprego e Formación, Rosario Costas, estiveron co alumnado do curso AFD de Atención Sociosanitaria a persoas Depen-

dentes en Institucións Sociais, o que acredita a capacitación profesional para traballar neste sector de demanda crecente.

Coa colaboración da Xunta, o curso iniciouse o 21 de marzo e inclúe máis de 450 horas de formación teórica e práctica. O alumnado completou as prácticas profesionais en distintos centros de día e residencias da contorna.

Bodas - Comunións

e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
 info@restaurantemanolo.es
 Antonio Palacios 101
 A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
RESTAURANTE

Unha web para honrar o legado de Antonio Palacios

O Concello do Porriño e o Círculo de Bellas Artes de Madrid asinaron un convenio de colaboración para outorgar un apartado monográfico dixital dedicado ao Porriño dentro do proxecto 'Atlas Palacios 2024-2026' que permita revitalizar o legado do arquitecto porriñés Antonio Palacios, dirixido polo investigador e cineasta galego José Manuel Mouriño. O proxecto foi recentemente recoñecido polo



Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea como unha das mellores iniciativas culturais presentes en Internet.

XIV CAE Interrunning 2025

O Concello do Porriño acelera os preparativos da XIV Carreira de Empresas CAE Interrunning 2025 a celebrarse en setembro con cambios significativos, destacando a renovación do 40% do circuíto da carreira. O novo trazado percorrerá as zonas recentemente acondicionadas polo Concello. Nesta edición as probas serán de 10K e 5K.

As inscricións seguen abertas a través da páxina web www.emesports.es ata ás 20.00 horas do día 17 de setembro.

A proba celebrarase o domingo 21 de setembro. Ás 09.30 horas arrancará a Andaina Antonio Pa-



lacios de 8 quilómetros, ás 11.30 horas será a saída das competicións 5K e 10K, da cales se poderá participar de xeito individual, en parellas ou en equipo de tres e ás 12.45 e 12.50 horas celebra-

ranse as carreiras infantís de Pitufos e Chupetes. Trala entrega de premios terá lugar unha "after run party" aberta a todo o público, con música, regalos e moito ambiente festivo.

"Luz verde" para a Concellería de saneamento

O Concello do Porriño dá un paso pioneiro coa creación dunha Concellería de Obras para saneamento nas parroquias, unha iniciativa estratéxica tomando en conta as necesidades neste apartado.

Este novo departamento disporá de persoal municipal propio para centralizar a xestión das obras a realizar que, segundo a folla de ruta coa que traballa o



gobierno local dirixido polo Alcalde Alejandro Lorenzo, cuantifica en preto de 12 millóns de euros as obras pendentes de partida orzamentaria. Desde 2022 executáronse unha vintena de obras estratéxicas destacando as realizadas en Gulpilleira, Travesía de Novás e Atios, cun investimento total de máis de 4,6 millóns de euros para saneamento durante este período.

A veciñanza porriñesa aprende a salvar vidas



O Concello organizou no polideportivo municipal unha sesión práctica de reanimación cardiopulmonar (RCP) xunto a profesionais do sector sanitario e na que parti-

ciparon máis de 40 persoas. Esta iniciativa da concellería de Saindade están enmarcada dentro da estratexia do goberno municipal en prevención, saúde comunitaria e formación cidadá.

BNG: "abuso económico co futuro enerxético do Porriño"

Os nacionalistas consideran un "novo abuso económico" a recente aprobación no pleno municipal do inicio por parte do goberno do PP da externalización do servizo enerxético do Concello do Porriño por 20 anos. Argumentan que sairá beneficiada unha

empresa intermediaria enerxética, deixando de negociar directamente coas empresas comercializadoras. Os puntos de subministro do proxecto son outro aspecto escuro, pois aparecen moitos máis dos que lle correspondería facerse cargo á administración municipal.

Unha medalla de prata para o balonmán porriñés

O Alcalde Alejandro Lorenzo recibiu a Nico Giráldez, que vén de alzarse en Exipto coa medalla de prata no Mundial Xuvenil de Balonmán como gardarrede da selección española. Nico, quen iniciou a súa carreira no Balonmán Porriño, continuará, unha tempada máis no Recoletas Atlético Valladolid á vez que comeza os seus estudos de Grao de Xestión Administrativa.



Óptica mahen
mahen OPTICISTAS Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038
PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

**forjados
hinos. duran s.l.**

www.forjadosduran.com

LOURINHA

Convenio para a construción de 79 vivendas protexidas en San Eleuterio

O Concello de Mos e a Xunta asinaron a concesión dun préstamo sen xuros, a devolver en 8 anos, de 1,2 millón de euros no marco de novo Fondo de Cooperación para a construción de vivenda protexida da Xunta.

En concreto, con este crédito concedido pola Xunta, o Concello ten como obxectivo a adquisición de 11 parcelas na zona de Tameiga-San Eleuterio, que suman unha



extensión de 13.905,40 metros cadrados, coa finalidade de construír 79 novos fogares protexidos,

que se suman ás 20 vivendas de promoción pública xa en execución nesta urbanización.

Mos, motor de emprego provincial

Segundo os últimos datos publicados polo Observatorio das Ocupacións do SEPE, en xuño de 2025 rexistráronse en Mos un total de 720 novos contratos, o que supuxo un incremento do 22,66% respecto ao mes anterior e un 15,38 % máis que en xuño de 2024 e superando amplamente a media provincial,



autonómica e estatal.

Para xullo rexistrouse igualmente

un un crecemento do 25% do emprego xuvenil (16-24 anos) así como da contratación das persoas sen estudos acreditados (+42,42% interanual) e con bacharelato (+6,38 %) O descenso do desemprego (cun 10,09 % menos de paro que en xullo de 2024) e o peso da contratación indefinida son outros datos a destacar.

Actualización de inventario en formato GIS

Cunha subvención de 17.811,20€ proveniente do Plan +Provincia da Deputación, o Concello de Mos vén de poñer en marcha un proxecto estratéxico de actualización do inventario de camiños muni-

pais.

O traballo consiste na revisión e modernización do inventario existente en canto a camiñor rurais e bens municipais para a súa transcripción a formato editable GIS, que permitirá unha xestión

moito máis eficaz e flexible. Un dos puntos máis salientables desta actuación é a rectificación do inventario coa incorporación de novas vías como o Camiño da Gándara da Lama, en Torroso, que se sumará á rede xa rexistrada.

Reforzo para Vías e Obras



O Concello de Mos vén de incorporar ao seu parque móbil un novo vehículo a través do sistema de renting, destinado ao departamento de Vías e Obras. Trátase dun modelo

Primstar, adaptado ás necesidades do servizo, que permitirá mellorar a operatividade diaria do persoal municipal encargado do mantemento e conservación das infraestruturas públicas.

Natación a portas abertas

O Clube Natación Mos comezará na segunda quincena de setembro as xornadas de por-

tas abertas de carácter gratuito para fomentar a práctica da natación como deporte saudable.

Setembro de capacitación dixital

O Concello de Mos, a través da Axencia de Colocación, retoma este 1º de setembro e ata o 24 de outubro os cursos de capacitación dixital totalmente gratuitos e financiados con fondos Next Generation da UE. As accións formativas inclúen: tecnoloxías habilitadoras dixitais:

intelixencia artificial, ciberseguridade e realidade virtual; información e alfabetización dixital; comunicación e colaboración; creación de contidos dixitais; seguridade na rede; e resolución de problemas, xestión de equipos en remoto e introdución a metodoloxías áxiles.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 50
633 60 12 57
josefina.bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abrales Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra)
Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURÍA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDA S.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

Presentados os resultados da exhumación da foxa de Soutelo

O Auditorio Municipal recibiu este 26 de agosto os resultados da análise antropolóxica na foxa de Soutelo cuxos traballos foron iniciados en xullo pasado baixo a dirección do forense Fernando Serrulla e a colaboración da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Baixo Miño, O Condado e A Louriña.

A falta dos resultados xenéticos, Serrulla explicou que puideron atoparse dúas das sete persoas soterradas no adro da Igrexa de Soutelo e que foran asasinados o 1º de setembro de 1936. Tal e como informa a investigación histórica, estas vítimas eran veciños do Porriño, Tui e Salceda.

O primeiro dos restos descubertos foi o de Manuel Rodríguez Castiñeira, coñecido como 'O Gi-



tano', falecido nos anos 1960, polo tanto fóra da represión de 1936. De acordo a Serrulla, "presentaba o cranio estourado por un proxectil de arma de fogo de 9 mm e unha fractura no antebrazo esquerdo previa ao enterramento". O segundo corpo mostraba dous impactos de bala de calibre 7 mm, que, segundo Serrulla, intúe a participación doutros verdugos.

Tomando en conta as caracte-

rísticas de idade, sexo e estatura, Serrulla especula con que estes corpos poderían tratarse de Antonio Dalmiro Domínguez González (26 anos); e Manuel Fernández Diz (30), ámbolos dous veciños de Tui. Como tarefas pendentes quedan por atopar os restos dos outros cinco asasinados: José Cordal, Ramón Pérez, Severo Boente, Leoncio Muíños e Modesto Barreiro.

Preparando o ano escolar

Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, visitou as instalacións escolares que están en fase de melloras e obras de mantemento con vistas á apertura do vindeiro ano escolar 2025-26.

Este ano as obras centráronse fundamentalmente no ximnasio do CEP Altamira, no cal se procedeu a cambiar as tubaxes de fontanería, arranxo dos sensores de



iluminación, pintado tanto no interior como no exterior do edificio

e cambio do pavimento interior, que pasa a ser de tarima flotante para unha maior comodidade tanto do alumnado como do profesorado. Por outra banda, no CRA Raíña Aragonta que acolle a rapazada de 3 a 6 anos, realizáronse obras de canalización de pluviais, pintado de diferentes aulas, ampliación da zona de aparcadoiro no edificio central, e colocación de vinilos anticalóricos.

Salceda "en forma"

O Concello desenvolverá durante o mes de setembro unha serie de actividades de promoción do comercio local, o deporte e a vida activa baixo o nome "Salceda en forma". Cada xoves de setembro os locais de adestramento do municipio re-



alizarán unha clase aberta e gratuita no parque Raíña Aragonta sobre Mere Fit Personal Trainer: crostraining; taekwondo; espalda sana, HIIT e funcional; e the kick&box e boxeo para todas as idades.

Volve o Caselas Comedia

O Concello de Salceda presentou o programa do Caselas Comedia, que se celebrará nos meses de novembro, decembro e xaneiro no Auditorio Municipal. A primeira das citas será o 8 de novembro co humor de Carlos Blanco. O 14 de decembro chegará o espectáculo "Muiñeiras. A risa tamén se baila", con Oswaldo Digon e Lorena Pinheiro acompañados polo grupo de gaitas Naiama. Por último, o 3 de



xaneiro, será o turno de Isabel Risco, que volve a Salceda despois de moitos anos.

Cooperación en seguridade



O Concello de Salceda recibiu a visita de presentación de David Mejuto, Tenente Comandante do posto da Garda Civil do Porriño, acompañado por Rafael Antonio Pe-

reira, Capitán Xefe da Compañía da Garda Civil de Vigo. Un encontro institucional para reforzar a colaboración e o traballo conxunto entre administracións e corpos de seguridade.

Formación e coidado do medio ambiente

O Obradoiro de Carpintería do Concello de Salceda continúa a súa labor de mellora nos espazos naturais traballando na reparación e mantemento dos elementos de madeira da Senda de Entenza e da Senda dos Humedais en Budiño, reforzando a seguridade e a comodidade das persoas que as percorren.



Dos callos aos Pincho Folk en Salceda

Tras a celebración da Festa dos Callos regresa a Salceda a súa XVII Ruta do Pincho Folk. Todos os venres e sábados do mes de setembro, un total de 16 establecementos de hostalería ofrecerán as súas mellores creacións culinarias a un prezo único de 2,50 €.

Os grupos de gaitas de Salceda serán os encargados de amenizar unha ruta na que se degustarán tapas variadas como tostas de cecina, solombo, atún, tortiñas de cogomelos, pan coreano, brioches de carrilleiras, costela guisada, gyozas, miniburger ou brochetas



de polbo e gambas e doces.

Tamén haberá sorteos para unha fin de semana de enoturismo na Ribeira Sacra para dúas persoas, un bono para dúas persoas

no Palacio da Auga de Mondariz, un lote de viño e embutidos e vales de compra doados pola Asociación de Comerciantes de Salceda (ACISA).

Tui investiu máis de 175 mil euros na mellora do pavillón de Randufe

Opavillón municipal de Randufe presenta unhas condicións óptimas para o inicio do novo curso escolar, e da nova temporada competitiva tras as obras de mellora e acondicionamento acometidas polo Concello de Tui ao longo dos últimos meses que supuxeron un investimento de 176.859,01 €.

Por unha parte tratáronse os problemas de humidade e condensación con traballos de escavación de terras no perímetro da edificación, impermeabilizáronse todos os muros, e realizouse un sistema de drenaxe perimetral e de canalización das augas pluviais.

Incrementouse a eficiencia



enerxética colocándose luminarias de campá de tecnoloxía led. O investimento para esta mellora da salubridade e consumo enerxético sumou 70.977,78 € financiados con cargo ao Plan Máis Provincia 2025 da Deputación.

Previamente o Concello de Tui investiu 105.881,23€, financiados a través do Plan Extraordinario

de infraestruturas Deportivas da Deputación, para a substitución da cuberta do pavillón, a colocación de reixas de ventilación de lamas horizontais, e a substitución dos canlóns por uns novos de aceiro prelacado, e das baixantes por unha novas metálicas de aceiro, que foron colocadas polo exterior da edificación.

BNG: moción de censura contra von der Leyen

A eurodeputada Ana Miranda, anunciou que o BNG vén de sumarse á moción de censura contra a presidenta da Comisión Europea, Úrsula Von der Leyen, presentada polo grupo da esquerda europea e por eurodeputados e eurodeputadas de diferentes pobos europeos, e que será debatida

no vindeiro mes de outubro. Miranda reclamou a von der Leyen o seu "servilismo con EEUU" e a súa "complicidade co xenocidio de Gaza". Tamén criticou que se condicionen os fondos de cohesión a prioridades militaristas fronte a resolución de problemas como o acceso a vivenda ou a precariedade laboral.

Rescisión de contrato coa empresa do SAF en Mos

AXunta de Goberno do Concello de Mos acordou o inicio do expediente para rescindir o contrato coa empresa que actualmente xestiona o Servizo de Axuda no Fogar (SAF). A empresa concesionaria xa foi notificada desta decisión que será ratificada no próximo pleno.

O contrato fora aprobado en Pleno en novembro e adjudicado en abril, cun importe anual de

1.592.178€. A rescisión débese a que se detectaron deficiencias na prestación do servizo como rotación excesiva do persoal auxiliar, demora en trámites e xestións, falta de actualización dos proxectos de intervención individuais, incumprimento de horarios de atención, deficiencias na organización do servizo, incumprimentos en recursos humanos e materiais, e erros de facturación.

Sala de cine en O Porriño en 2026

Para 2026, O Porriño acollerá a única sala de cine municipal da comarca e unha das poucas que hai en toda Galicia. O Concello saca a licitación o proxecto de reforma interior do Auditorio do Centro Cultural, que se dotará de tecnoloxía de última xeración, pantalla gigante de 5x3 metros e

capacidade para 170 butacas.

O proxecto conta cun orzamento de 251.739,60€ financiado pola Deputación. Este espazo será versátil, adaptado tanto a cine como á celebración de congresos, conferencias ou charlas. Para a adquisición do equipo requirido contou cunha subvención de 100.000€ de AGADIC.

PFC Condado

+55
Pompas Fúnebres
del Condado
2010-2025

Gracias

TANATORIO
ARBO

TANATORIO
PONTEAREAS

TANATORIO
TUI

TANATORIO
TOMIÑO